

Ordes, 31 de marzo de 2013

Onte foi un día moi especial, para nós, e cando dicimos para nós é con todo o corazón e en nome de toda a comunidade educativa do IES Plurilingüe Maruxa Mallo.

Unha nena moi loitadora cunha capacidade de sacrificio e de superación infinita, *LUCÍA CANDAL FRANQUEIRA (LUCHI)*, logrou cumprir un soño: asistir a un partido de fútbol do seu equipo favorito, **COÑECER A TODA A PLANTILLA DO F.C. BARCELONA E SOBRE TODO A LEO MESSI.**

Queremos agradecer a todas as persoas que axudaron neste proxecto, que se botou a andar alá polo mes de novembro pasado, e que en principio parecía imposible. *En primeiro lugar, darlle un millón de grazas a unha ex-profesora do noso instituto, Ángela Cobo, e a o ex-xogador do R.C.Celta Jose Mosquera con cuxas indicacións e consellos chegamos tan lonxe. Non me quero esquecer de Chus Suárez unha moi boa amiga que así nolo demostrou e que axudou, dende Sabadell, a facer chegar dun modo máis doado toda a información a Barcelona.*

En segundo lugar, á Directiva do F.C.Barcelona, sobre todo a Pilar e Carlos que en todo momento fixeron todo o posible para conseguir o propósito; ao doutor Juan Cota médico da Selección Española e do R.C.Celta de Vigo, que realizou tódalas xestións para que Luchi puidese ver o partido de fútbol R.C. Celta de Vigo vs F.C. Barcelona en directo no estadio de Balaidos; e, tamén agradecer ao Concello de Ordes que sufragou todo os gastos de transporte para Luchi nun coche adaptado á súa discapacidade.

Por último, e non por iso menos importante, agradecer o imparable labor, eficacia, interese, xenerosidade, insistencia e entrega da súa titora Cristina París e a Amparo Raviña, mestra de PT, que grazas a elas a encomenda tomou forma e sentido.

Ás veces pensamos que os soños son algo imposible, pero a verdade é que se poñemos todas as nosas gañas e enfocamos a nosa mente e corazón, chegamos á conclusión de que calquera propósito se pode lograr co noso esforzo persoal e coa xenerosidade e axuda dos demais. Non hai nada de malo en crer, e non perdemos nada con intentalo, si ao final...crer é poder. Por iso non podemos deternos co

**queremos ser ou facer, pensemos que se poden conseguir todas as cousas que nos propoñamos e temos que loitar polos soños. Temos toda unha vida por diante, cada obstáculo pódese superar, e cada meta pódese cumprir.**

*Asinado: Anxo Fernández Otero*  
*Profesor do departamento de Educación Física*

